

RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS AO RÍO LAÑAS

As ribeiras do río Ulla son un lugar de gran riqueza biolóxica e paisaxística que poderás descubrir camiñando coa sensación de absoluta tranquilidade.

A través desta ruta únense os 40 quilómetros que discorren pola ribeira do Ulla no Concello de Touro, desde o límite co Concello de Arzúa ata o límite co Concello de Boqueixón.

O camiño adéntrase en fragas e bosques de ribeira autóctonos que por veces se estreita converténdose nun fermoso carreiro, no que se descubren diversos elementos naturais e culturais como fervenzas, pontes, muíños, fontes, lavadoiros, mais tamén aproveitamentos como a pesca, encoros para a produción eléctrica, explotacións gandeiras e cultivos,... que acompañan á diversa flora e fauna das súas ribeiras.

Desde o inicio e tras visitar a Fervenza das Hortas a ruta segue o camiño tradicional a Circes, achegándonos a Os Chaos, onde podemos tomar un desvío para ver o Petróglifo de Pena Furada, ou seguir descendendo ata a beira do Encoro de Touro. Tras pasar a carón da Pena das Letras e logo de deixar atrás o muro do encoro continúa paralelo ao río Ulla por un sendeiro de pescadores ata chegar á ponte na desembocadura do río Lañas.



Petróglifo da Pena Furada, situada fóra da ruta, a 1 km dos Chaos.

MIDE

horario	4h 5'			1	severidade do medio natural
desnivel de subida	463 m			2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	567 m			2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	12,32 km			3	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	Travesía		Mapas IGN escala 1:25.000: 95-IV e 121-II		

Condições de todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.

MIDE (Método de Información De Excursións)

	Medio Severidade do medio natural	<ul style="list-style-type: none"> 1 Medio non está exento de riscos 2 Hai máis de un factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario Dificultade de orientarse no itinerario	<ul style="list-style-type: none"> 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Exise a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Exise técnicas de orientación e navegación fora de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento Dificultade no desprazamento	<ul style="list-style-type: none"> 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas escalonadas ou terreo irregular 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo Cantidade de esforzo necesario	<ul style="list-style-type: none"> 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva

Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado

TELÉFONOS DE INTERESE

EMERXENCIAS: 112 INCENDIOS: 085
Concello de Touro: 981 50 40 29/ 981 50 40 00



“UNINDO CONCELLOS A TRAVÉS DO ULLA”



PR-G 233
Ruta da Fervenza das Hortas ao Río Lañas
Concello de Touro
Homologada no ano 2018



Concello de Touro


**PR-G
233**

GALICIA

Ruta da Fervenza das Hortas ao Río Lañas



Ruta sinalizada



CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA RUTA






Punto de inicio:	Fervenza das Hortas Lat.: 42° 50' 56" N / Lonx.: 08° 13' 05" O
Punto final:	Ponte na desembocadura do río Lañas Lat.: 42° 49' 57" N / Lonx.: 08° 15' 48" O
Lugar:	Concello de Touro (A Coruña)
Distancia:	12,32 km
Desnivel acumulado positivo:	463 m
Desnivel acumulado negativo:	567 m
Dificultade:	Media
Accesibilidade:	Non é accesible a persoas con mobilidade reducida
Servizos:	Fonte Díaz (Touro)
Conexión con outras rutas:	Na Fervenza das Hortas conecta co PR-G 169 e, na desembocadura do río Lañas enlaza co PR-G 121 que á súa vez se une co PR-G 93 e logo co roteiro de "Ponte a Ponte".


Máis información:

Oficina de turismo: 981.81.45.66
www.touroturismo.com
www.concellodetouro.com

- ● ● ● **Ruta homologada: PR-G 233 (sinalizada)**
- ● ● ● **Derivación ao Petróglifo de Pena Furada (sinalizada sen homologar)**

Marcas e sinais de sendeirismo no percorrido

-  Sinal de continuidade:
-  indica dirección correcta
-  Sinal de dirección equivocada: indica dirección incorrecta
-  Sinal de cambio de dirección: indica xiro á esquerda ou á dereita do sentido da marcha
-  Baliza: permite identificar o tipo e o número de sendeiro homologado



PERFIL TOPOGRÁFICO E PUNTOS DE INTERESE DA RUTA

